



CASA XOHANA
TORRES

DECÁLOGO DE USO

Mantéñamos a Casa en bo estado e respectemos as normas de convivencia.

SOLICITUDE DO ESPAZO

[01] ■

O horario habitual para o emprego da Casa é de **luns a sábado das 10h ás 22h30**.

[02] ■

A solicitude debe ser realizada **por medio do rexistro** (electrónico ou físico) cun mínimo de 4 días hábiles de antelación. Cada vez que se solicite o uso, **nomearase a unha persoa responsable**, que será a que responda ante os órganos de xestión da Casa.

[03] ■

As solicitudes atenderanse por **orde de recepción do rexistro**.

[04] ■

A confirmación da solicitude farase por medio do correo electrónico facilitado no momento da solicitude. No correo de confirmación enviarase un código de acceso á Casa. Este código é a “chave” que permite abrir a porta da Casa e activarase soamente durante o período de tempo que dura a actividade. Antes e despois da data e horario asignado, o código estará desactivado.

[05] ■

Leva contigo e en todo momento o **código de acceso**, o cal é intransferible e **responsabilidade da persoa solicitante**.

USO DO ESPAZO

[06] ■

Respecta o **horario establecido** para a realización da actividade.

[07] ■

Fai un **uso responsable dos recursos existentes na Casa**. Estes recursos son de todas e para todas. Informa ao persoal da asistencia técnica de coordinación e funcionamento da Casa sobre calquera incidente.

- **Proxector:** está conectado

automaticamente co ordenador da Casa polo que non se precisan cables.

- **Calefacción/aire condicionado:** acéndese no interruptor central, localizado na conserxería (está sinalado). A continuación, acende o aparato no mando, deixándoo na programación “Auto” e regulando soamente a temperatura.

[08] ■

Os equipamentos e materiais que hai na Casa destinaranse ao **uso unicamente dentro da Casa**, salvo autorización expresa.

ANTES DE MARCHAR DA CASA

[09] ■

Recolle os espazos usados. Deixa o espazo en bo estado de orde e limpeza para que outras persoas poidan facer uso del en boas condicións.

[10] ■

Apaga todas as luces. As luces deben ser apagadas nos interruptores de cada sala.

[11] ■

Apaga o aire acondicionado/ calefacción. Apaga primeiro no mando e, de seguido, no interruptor central. Este está localizado na conserxería (está sinalado).

[12] ■

Recolle o lixo xerado durante a actividade e tírao nos contedores da contorna. A Casa conta cun horario de limpeza limitado (luns, mércores e venres), polo que a recollida dos espazos e residuos xerados é responsabilidade de quen empregue a Casa.

[13] ■

O uso incorrecto e/ou indebido dos recursos da Casa será de responsabilidade da entidade e/ou persoa responsable da solicitude do espazo.



Para máis información:
contacta por correo electrónico
casaxt@santiagodecompostela.gal
ou no teléfono **608 710 978**.